

O MUNDO SEGUE

Título orixinal El mundo sigue **Dirección e guión** Fernando Fernán Gómez (sobre a novela de Juan Antonio de Zunzunegui) **Ano** 1965 **Duración** 115 min. **Fotografía** Emilio Foriscot **Montaxe** Rosa G. Salgado **Dirección artística** Manolo Pampaso **Reparto** Lina Canalejas, Gemma Cuervo, Milagros Leal, Fernando Fernán Gómez **Música** Daniel J. White **Producción** Tibor Reves e Juan Estelrich **Distribuidora** A Contracorriente Films **Sinopse** Anos sesenta, barrio madrileño de Maravillas. Eloísa é unha abnegada esposa e nai eficiente que vive co seu marido, un garda municipal máis autoritario na casa ca na rúa e ao que ás veces se lle vai a man. O seu fillo é un beato que saíu do seminario pouco antes de se converter en sacerdote e que pasa a vida estudando e rezando para expiar os pecados da súa familia. As fillas, dúas irmás obsesionadas de cadansúa maneira pola riqueza, profésanse mutuamente un profundo odio. A inxustiza reinante nun mundo sen piedade nun filme pouco coñecido do gran Fernando Fernán Gómez, que foi reposto en salas co gallo do seu 50 aniversario.

FEBREIRO 2017**Martes 14** Stroszek | Stroszek

Werner Herzog, Alemaña, 1977, 108 min.

Martes 21 Os canallas | Les Salauds

Claire Denis, Francia, 2013, 100 min.

TODAS AS SESIÓNS EN VOS, ÁS 20:30 h NO TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

O Cineclube Pontevedra é unha asociación sen ánimo de lucro cuxo funcionamento e financiamento depende fundamentalmente das achegas económicas que realizan periodicamente as súas socias e socios, cara a quen están dirixidas as nosas actividades. As persoas socias poden escoller entre tres tipos de cotas: Anual (60 euros); Trimestral (18 euros); Prorrogada en cada sesión (2 euros).

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra><http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

O MUNDO SEGUE

Fernando Fernán Gómez, 1965, España
115 min, VO



En 1963 Fernán Gómez cumpriu un cuarto de século sobre os escenarios. “Deume por celebrar os meus vinte e cinco anos de traballo non dicíndollo a ningún e traballando o máis posible. Aceptaría todas as ofertas, ben ou mal pagadas, con personaxes feos ou bonitos, con dobres xornadas. E cos meus aforros produciría *El mundo sigue*, cuxo guión, escrito o ano anterior, xa fora rexeitado polos produtores”, afirma en *El tiempo amarillo*, as súas memorias. O filme, amargo e desesperanzado como pretendiera, non chegou ás salas, e Fernán Gómez rematou o seu ano triunfal arruinado.

Non sorprende que a censura impedise a súa estrea, mais si que aprobase un guión que retrataba de xeito tan desalentador a condición humana. É certo que non hai referencias ao vencedor, que estaba para celebrar os “25 anos de paz”, mais ese Madrid pobre e sucio cheira a zotal e ditadura. Ninguén se salva. Posiblemente, o espectador contemporáneo descubra que pode ser tan vil coma os homes e mulleres atrapados na pantalla: dominados por un desexo incontrolable de saír dunha pobreza material, aínda á custa de se somerxer nunha miseria moral.

“Tiña corenta e un anos e estaba arruinado”, escribe Fernán Gómez sobre o fracaso comercial de *El mundo sigue*. Aínda así, non hai lamentos nin explicacións nas súas memorias. O filme tam pouco se menciona en *La buena memoria*, apaixonante conversa con Eduardo Haro-Tecglen. Onde si se estende sobre a rodaxe do filme é na súa entrevista con Enrique Brasó, *Conversaciones con Fernando Fernán Gómez*, á que pertencen as seguintes liñas.

Como se che ocorreu adaptar a novela de Zunzunegui? Ía dicir que, simplemente, porque me gustou moito. Coñecía parte da obra de Zunzunegui... A miña primeira idea foi adaptar *La vida como es*: unha novela-río sensacional e moi importante en canto á descrición dun ambiente madrileño que eu non coñecía. Pero non fun quen e abandonei. Anos despois lin unha crítica moi eloxiosa da novela *El mundo sigue*, que acentuaba os seus valores dramáticos en canto ao contraste de personaxes e situacións derivadas del. Por ver se isto era válido e podía ter posibilidades de plasmación visual, lin a novela con grande interese. Xa na primeira lectura considerei que alí había un filme. Decidín usar un dos episodios da novela: o do señor que cre que lle tocou moito diñeiro nas quinielas e despois resulta que lle tocara moi pouquiño. Pero non me saíu o guión, non era quen de que durase máis de 35 minutos. Así que fixen un segundo tratamento, incorporando case toda a novela de xeito moi sintético. Ao rematar o guión e propórllelo aos produtores cos que fixera *La venganza de don Mendo*, contestáronme que era exactamente o oposto ao que lles apetecía facer, que ía moi a contrapelo da protección oficial, que era dura e áspera. Finalmente, logrei algunha marca dalgunha produtora para presentarlle o guión á xunta da censura: prohibiuse definitiva e totalmente. Máis tarde, volvíno presentar, admitírono e rodamos no meu “glorioso” ano 1963.

Hai dúas cousas que me chaman a atención: unha, que no filme o pai sexa garda urbano, co que ten de reflexo de autoridade. O pai de familia tamén é garda na novela de Zunzunegui, e a min é unha das cousas que máis graza me facían: que o señor no que se cruza a situación conflictiva fose garda. Creo que na novela non é garda urbano —non sei se é garda civil ou da policía armada—, foi unha suavización miña do guión.

En calquera caso, é un garda urbano cunha filla puta, outra que quere selo pero non pode e pretende acadar o éxito da súa irmá por unha vía moito máis sórdida, e un fillo que é un tarado, un medio cura que vén de saír do seminario... É un mundo insólito. E a outra cousa que me chama a atención é que é o teu filme no que máis planos-secuencia hai. En case todos os meus filmes prefiro non me supeditar a ningún pé forzado. Pero case todos teñen unha mestura de secuencias de montaxe moi rápida e de planos moi curtos, e despois de moitos intentos de plano secuencia. Seguramente *El mundo sigue* sexa o meu filme onde máis abundan.

Que é o que máis che interesaba expresar no filme? As vivencias de toda aquela xente como plasmación realista e cun sarcasmo un tanto interiorizado, dun certo nivel moi baixo da xente española daqueles anos —que non son nos que o filme está rodado— de finais dos 40; aquela sordidez, aquela impotencia da xente. E a carencia por parte da xente deste estrato social dunha moral auténtica sometida a un aquel de ductilidade polo imperativo da vida cotiá, desas baixezas de miras... É o que máis me interesaba, o xogo entre personaxes baixo ese prisma.

E en canto a esa dualidade da irmá boa e mala? Nunca lle atribuíu profundidade. Tratába de reflectir a diverxencia que se dá en case todas as familias entre os seus membros. Hai unha frase preliminar extraída da *Guía de pecadores* de Fray Luis de Granada, que está tamén na novela, e que lle atribúe iso á condición do mundo: “desde o punto de vista cristián, a salvación non está máis ca no máis alá, e no máis acá calquera salvación é imposible xa que o mundo está cheo de vicios e pecados”. Esta frase conserveina no filme só para que os señores da xunta de clasificación entendesen claramente a idea xeral do filme, que estaba derivada dun pensamento de Fray Luis de Granada, e que por tanto non había nada heterodoxo. Non obstante, ao ser maltratada pola xunta de clasificación e en censura, Florentino Soria explicoume que esas cousas eran certas pero non debían divulgarse. Que aínda sendo verdade que no mundo se triunfa por medio da baixeza, o pecado e o vicio, e que quen se comporta ben obtén o seu triunfo no máis alá, iso non era adecuado dicilo. Tamén dixo que a personaxe de Lina Canalejas estaba perfectamente trazada e que sabía que incurría constantemente no pecado da soberbia, pero que estes matices ao público non lle chegaban e que, por tanto, aínda que correcto desde un punto de vista católico, non era adecuado. O que máis se notaba con respecto ao antagonismo entre as dúas irmás era o odio da personaxe de Lina Canalejas cara á de Gemma Cuervo, que arrincaba da envexa que lle tiña cando gañaba os concursos de beleza. O odio é mutuo...

A que cres que se debe ese maltrato por parte da censura e a xunta de clasificación? Non o entendo. Eu díxenlles: “Hai coma un ano que trouxemos o filme, o guión está integramente aprobado, e eu usei realizalo inspirado por esas correntes novas de apertura, e agora...”. Díxéronme que en ano e medio todo evoluíra moito. Ano e medio é o que se tarda en facer un filme, como pouco. Pero díxéronme que esta intención de apertura do Ministerio tivera moi mala acollida por certos elementos do país que escribían múltiples queixas, referindo que era intolerable o que se vía nos teatros, nos cines, o que se lía na prensa. E que por parte dos outros elementos non se recibira carta ningunha de gratitude, polo que no Ministerio houbera unha marcha atrás que perxudicou o meu filme, considerado feísimo e mal feito polos membros da xunta de clasificación.